

Declaración

Tras eses primeiros intentos, o tema foi retomado pola Xunta de Galicia e polo Ministerio de Cultura en xuño de 2006, cando se incluíu a Torre na Lista Indicativa de España. En Cartaxena, en setembro de 2007, o Consello de Patrimonio Español decidiu solicitarlle ao Comité de Patrimonio Mundial a súa inclusión na World Heritage List. O Ministerio de Cultura enviou a proposta, que foi aceptada pola UNESCO o 11 de novembro de 2007.

Esta aceptación puxo en marcha toda unha engrenaxe para que o Ministerio puidese presentar, ante o Centro de Patrimonio Mundial da UNESCO, con sede en París, o expediente completo que avalase a candidatura antes do 1 de febreiro de 2008, data límite para a súa entrega.

Como é habitual, o Ministerio de Cultura confioulle ao órgano competente da comunidade autónoma, neste caso á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, a elaboración do citado informe, de acordo cun modelo de ficha aprobado pola Convención de Patrimonio Mundial para todos aqueles bens que solicitasen a súa inclusión con posterioridade ao 2 de febreiro de 2005.

En apenas tres meses, un equipo multidisciplinar de profesionais e técnicos dirixidos polo director xeral de Patrimonio Cultural, Felipe Arias Vila, e polo subdirector de Protección, Federico Garrido Vila, elaboraron un expediente exhaustivo e rigoroso que documentase o valor excepcional e único da Torre de Hércules así como a súa autenticidade e integridade. Como base para este traballo, o equipo contou cun informe previo que elaborara o Instituto Torre de Hércules que aínda que non se adaptaba aos requisitos esixidos pola UNESCO, si que achegaba un considerable volume de información. Durante todo o proceso de elaboración, a Subdirección de Protección do Ministerio de Cultura supervisou a marcha dos traballos e realizou todas aquelas suxestións que considerou oportunas para que o resultado respondese ás demandas do Comité de Patrimonio Mundial.

O informe que se elaborou e finalmente se presentou en París, en febreiro de 2008, é un documento novo no que se analiza a Torre de Hércules como un ben patrimonial, seguindo as directrices impostas polo Comité. Ademais, e como complemento á información requirida por esta institución, realizouse unha diagnose total do edificio na que se analizaron as patoloxías que presentaba e os tratamentos para aplicar, co fin de corrixir as posibles deficiencias de conservación que puidesen presentar nun futuro inmediato ou a medio e longo prazo. Así mesmo, definíronse unha serie de indicadores para estudar coas súas correspondentes medidas correctivas, encamiñadas á preservación da Torre. Toda esta información se incluíu no expediente polo interese que esta pode ter de cara á redacción do Plan Director da Torre de Hércules, que terá que elaborarse nun futuro inmediato.

En abril de 2008 o faro superou, xunto a outros 44 bens, unha primeira selección de candidaturas e posteriormente unha segunda criba na 32ª Reunión do Comité de Patrimonio Mundial celebrada no mes de xullo en Quebec (Canadá).

ICOMOS, como o órgano asesor do Comité de Patrimonio Mundial, designou o historiador Jonathan Coat para que avaliase a Torre de Hércules. A elección deste ilustre profesor baseouse no coñecemento que tiña dos faros romanos, concretamente do faro de Dover que estudara exhaustivamente.

A misión de avaliación desenvolveuse durante os días 13-15 de outubro de 2008 e brindoulle a oportunidade ao profesor Coat de visitar o monumento, coñecer a súa problemática e interesarse por aqueles aspectos que podían resultar máis complexos para os membros do Comité de Patrimonio Mundial. Mediante reunións de traballo moi intensas con todos os axentes que interveñen na xestión do ben foi posible que coñecese todos os pormenores do monumento.

O informe elaborado por Coat e presentado ante o Centro do Patrimonio Mundial foi moi positivo pero, aínda así, por dúas veces solicitaron boas garantías sobre temas relacionados coa xestión do monumento.

Todo estaba preparado para a 33ª Reunión do Comité de Patrimonio Mundial, que se celebrou en Sevilla desde o 22 ao 27 de xuño de 2009. O Comité tivo que estudar 27 candidaturas entre bens naturais e culturais, das cales só se inscribiron 11 bens culturais, 2 bens naturais e 3 ampliacións de bens xa declarados. Ás 18,26 horas do sábado 27 de xuño a candidatura da Torre de Hércules deixou de ser un soño para converterse nun ben inscrito na Lista de Patrimonio Mundial de acordo co criterio III das directrices operativas, que recoñece a excepcionalidade do faro por achegar un testemuño único sobre unha tradición cultural ou unha civilización viva ou desaparecida.

Desde entón, a Torre de Hércules é o único faro inscrito na Lista de Patrimonio Mundial.